

CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2024

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, da Deputación Provincial de Lugo, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no medio rural.

As subvencións que se convocan contribúen ao logro dos obxectivos específicos de: fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción; promoción e posta en valor dos nosos produtos gandeiros; e potenciación dos produtos autóctonos; incluídos na dita Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca.

As razas autóctonas son o froito da selección durante séculos dos animais mellor adaptados aos recursos naturais de cada zona, de tal xeito que os factores naturais e humanos da zona xeográfica onde a raza está delimitada outorgan características morfolóxicas, funcionais e produtivas aos animais que se transmiten hereditariamente e que son distintas ás de outras poboacións, diferenciándose así, tamén, o produto obtido.

A raza Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia e forma parte do conxunto de razas europeas de vacún destinadas á produción de carne, sendo unha das escasas agrupacións bovinas que se potenciaron despois da gran expansión das razas leiteiras, situándoa entre as de primeira liña de interese pola elevada consideración da calidade da súa carne.

Por elo, debe ser obxectivo da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación de Lugo contribuír ao mantemento da riqueza gandeira que a raza Rubia Galega constitúe, imprescindible para o desenvolvemento sustentable das zonas rurais, para a fixación de poboación neste medio e para a conservación dos ecosistemas naturais.

De cara a alcanzar este obxectivo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o de de 2024, prestou aprobación á convocatoria e ás bases que canalizarán a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS), procédese á publicación do texto íntegro da convocatoria e das referidas bases canalizadoras das subvencións.

BASES CANALIZADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2024.

Exposición de motivos

A raza Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia, cuxo acervo xenético constitúe unha parte imprescindible dos recursos zoonéticos autóctonos de Galicia e, en particular, da provincia de Lugo, que concentra a maior parte das explotacións e da cabana gandeira.

Os recursos xenéticos animais endóxeos caracterízanse pola súa perfecta adaptación ao medio ambiente e aos recursos naturais, polo que garanten a conservación dunha contorna medioambiental e o

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	1/22



desenvolvemento dos ecosistemas naturais. Neste senso, a raza bovina Rubia Galega supón un recurso xenético de riqueza incalculable dende diversos puntos de vista, tanto económicos como sociais e ambientais.

Sen embargo, analizando as derradeiras décadas do medio rural lucense, atopámonos con que o sector gandeiro provincial iniciou, durante os últimos anos, un proceso de diminución do número de explotacións e do censo de animais, en particular, da raza Rubia Galega.

A idade avanzada dos titulares das explotacións, a falta de relevo xeracional, o incremento dos custos de produción e a falta duns prezos dignos e estables do produto final durante todo o ano son os principais factores que dificultan a competitividade do sector gandeiro e, en particular, dos gandeiros dedicados á raza Rubia Galega, que, en moitas ocasións, se ven abocados a pechar as explotacións.

Este descenso de explotacións e animais desta raza bovina, maioritaria na provincia de Lugo, trae consigo importantes consecuencias ambientais e paisaxísticas, limitando a conservación dos ecosistemas naturais e provocando unha modificación da paisaxe rural histórica e, polo tanto, unha perda cultural ligada á desaparición do coñecemento sobre prácticas gandeiras tradicionais condicionadas polo medio natural específico e do material e recursos xenéticos dos animais autóctonos provinciais.

Cómpre ter en conta que a raza bovina Rubia Galega é o froito da selección, durante séculos, dos animais mellor adaptados aos recursos naturais da zona, así como aos sistemas de manexo e alimentación tradicionais. Existen evidencias da influencia de factores xenéticos sobre as características de rusticidade: resistencia ás oscilacións de temperatura, radiacións solares, esixencias de auga, enfermidades, etc.

Os factores naturais e humanos da zona xeográfica onde a raza está delimitada outorgan características morfolóxicas, funcionais e produtivas aos animais, que se transmiten hereditariamente e que son distintas ás outras poboacións, determinando a diferenciación do produto obtido. En condicións adversas, as razas autóctonas son capaces de obter unha maior produtividade que as razas exóticas e foráneas.

O mantemento desta riqueza gandeira é imprescindible para o desenvolvemento sustentable das áreas rurais, para a fixación de poboación no medio rural e para a conservación dos ecosistemas naturais.

En definitiva, unha xestión axeitada dos recursos xenéticos animais, en particular da raza Rubia Galega, supón a súa conservación para acadar o desenvolvemento sustentable do rural provincial, en especial, as zonas de montaña, e garante aos consumidores características diferenciais en canto á orixe, tradición e calidade do produto final, así como a seguridade alimentaria.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, mantense o programa de axudas que, dende o ano 2019, se dirixen aos criadores da raza bovina pura Rubia Galega, que teñen por obxecto a cooperación desta Deputación na promoción e potenciación desta raza autóctona, incentivando a inscrición de femias reprodutoras no Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico, perseguindo a redución dos custos de produción e o incremento da competitividade das explotacións.

Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

Base 2.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG) e no artigo 21.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	2/22	

no BOP nº9, do 11 de xaneiro de 2024 - no sucesivo, OXS-), ata esgotar o crédito dispoñible; de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5 e sen necesidade da constitución de órgano colexiado para a avaliación das solicitudes.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida pola Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo.

Base 3.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión destas subvencións terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da LSG, as beneficiarias poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos, cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ás beneficiarias destas subvencións da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A efectos da información para a Base de Datos Nacional de Subvencións, estas subvencións: encádranse dentro do sector económico de produción gandeira (código sector económico 01.4); coa finalidade de outras actuacións de carácter económico (código finalidade 18); non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, e non prevíndose modificación algunha desta situación (código impacto de xénero 2); e na modalidade de subvención (código instrumento da axuda SUBV).

Base 4.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas e xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan femia/s reprodutora/s desta raza, nadas na propia explotación, que pasara/n ao Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o ano 2023 e que cumpran os seguintes requisitos:

- Femias que proveñan do rexistro de nacementos.
- Que teñan acreditado, como mínimo, un parto antes dos dous anos e medio de idade (30 meses).
- Que superen unha cualificación lineal mínima de 40 puntos.
- Que non posúan defectos ou caracteres eliminatorios.
- Que obteña un resultado positivo de filiación cos seus proxenitores (test de paternidade).

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopan na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

	IV7U4LI5BYPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5BYPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	3/22	

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescripción previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencións deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

Asemade, as persoas, físicas ou xurídicas, titulares das explotacións que sexan beneficiarias das subvencións adquirirán o compromiso de manter na explotación a/s femia/s reprodutora/s, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2025, agás nos supostos de forza maior, que terán que ser debidamente xustificadas a través de informe veterinario.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Base 5.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas subvencións é de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024.

O importe das axudas para as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7 será de 400 € por animal elixible, ata un máximo de 6 animais. Polo tanto, o importe máximo das axudas por beneficiaria será de 2.400 €. Esta cantidade é un importe certo, entendéndose que queda de conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a concorrencia da situación subvencionable.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgotara o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2024, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados, agás no suposto de que a suma das achegas e/ou subvencións, incluída a da Deputación, superen os 2.220 € por animal elixible (custo de mantemento do animal na explotación durante a anualidade 2023). Nestes supostos, o importe das subvencións a conceder pola Deputación de Lugo reducirase ata que a suma de todas elas non supere a dita cantidade.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	4/22	

Base 6.- Carácter das subvencións

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual, non xerando ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos: poderá revisalas, previa instrución do procedemento establecido ao efecto; e declarar a perda, total ou parcial, do dereito a percibilas, nos supostos de falta de xustificación ou cando esta sexa insuficiente.

En calquera caso, a Deputación de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade, civil, mercantil, laboral, ou de calquera outra orde, que se derive das actuacións ás que queden obrigadas as beneficiarias das subvencións.

Estas subvencións teñen a consideración de axudas de *mínimis* das previstas no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* no sector agrícola.

Consonte ao mesmo, o importe total das axudas de *mínimis* percibidas non excederá de 20.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais. É dicir, o total de axudas de *mínimis* concedidas a unha persoa, física ou xurídica, beneficiaria non poderá exceder de 20.000 € brutos durante o exercicio fiscal en curso e os dous exercicios fiscais anteriores.

Base 7.- Presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Esta convocatoria e Bases serán publicadas, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor "Medio Rural"; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

a) Solicitud (Anexo I), que contén:

- Os datos da persoa, física ou xurídica, solicitante.
- Relación de documentos que acompañan á solicitud.
- Relación de animais para os que se solicita a axuda.
- Compromiso de manter na explotación á/s femia/s reprodutora/s elixible/s, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2025.

	IV7U4LI5BYPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5BYPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	5/22



- Compromiso de respectar as normas relativas ás axudas de *mínimis*, especialmente a obriga de que as subvencións deste carácter recibidas durante o ano en curso e os dous anteriores non superen os 20.000 €.
- Información básica sobre a protección dos datos do solicitante.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

- No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica, certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitude da subvención e acreditación da representación da entidade (Anexo II).
- Copia do DNI da persoa solicitante solicitante, agás no suposto de que a solicitude sexa presentada por medios telemáticos e conste a sinatura electrónica de aquela.
- Copia do NIF da entidade solicitante, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.
- Copia do/s documento/s que acredite/n que a explotación do/da solicitante está inscrita no REGA. Poderá acreditarse a dita inscrición con algún dos seguintes documentos, sempre que neles figure o número de inscrición:
 - Declaración censual anual a 1 de xaneiro do ano en curso.
 - Copia da folla de saneamento gandeiro (carta verde) do ano en curso.
 - Certificación da Oficina Agraria Virtual relativa ao censo existente, selada pola OAC.
- Acreditación, mediante certificación expedida polo/a secretario/a da Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), de que o animal ou animais para o/s que se solicita a axuda foi/foron dado/s de alta no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega durante o ano 2023 e que, así mesmo, cumpre/n os requisitos establecidos na Base 4 (Anexo III).
- Acreditación, mediante documento de identificación bovina (DIB) da cría, de que o parto da femia reprodutora tivo lugar antes dos 30 meses de idade.
- Declaración conxunta (Anexo IV), que contén:
 - Declaración de estar en situación de obter a condición de beneficiaria.
 - Declaración relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a situación subvencionada.
 - Declaración relativa á obtención de outras axudas de *mínimis*.
 - Declaración relativa ao cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
 - Declaración de non ser a persoa, física ou xurídica, debedora por resolución de procedencia de reintegro.
 - Declaración relativa á adopción das medidas de difusión destinadas a dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

- Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da subvención.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán ter unha conta bancaria mancomunada, na que consten, como mínimo, tres partícipes da agrupación.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE		Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE		Página	6/22	

Base 8.- Procedemento de concesión e criterio de determinación do importe da subvención

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrència competitiva, de acordo co establecido no artigo 22 da LSG, que establece que as subvencións cuxa concesión se realice polo procedemento previsto no seu artigo 19.2 poderán tramitarse por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte directamente polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrència dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá, en ningún caso, o órgano avaliador ao que se refire o artigo 21 da dita Lei.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida na Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o seu expediente estea completo.

O importe da subvención correspondente a cada unha das solicitudes será o resultante de multiplicar o importe de 400 € polo número de animais elixibles, ata un máximo de 6, segundo o establecido nas Bases 5 e 13.

Base 9.- Instrución do procedemento

A Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade será o órgano responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisar as solicitudes presentadas, e verificar que estas conteñen a documentación esixida, así como que as solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que nelas concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarias.

Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirá á solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, terase por desistida da súa petición, previa resolución que lle será notificada.

Sendo que a prelación das solicitudes validamente presentadas e que cumplan os requisitos establecidos nestas Bases farase unicamente en función da data de presentación dentro de prazo (considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo), poderán obter as subvencións unicamente as solicitudes que se atopen dentro dos límites de crédito dispoñible nesta convocatoria, ao abeiro do disposto no artigo 21.5.a) da OXS.

Proposta de concesión provisional

A Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, á vista do expediente e previa fiscalización, efectuará proposta de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará a relación das solicitantes para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A proposta de concesión provisional será notificada ás interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP, por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido no artigo 45.3 da mesma Lei, e concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de concesión provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	7/22



Proposta de concesión definitiva

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polas interesadas, o órgano instrutor, previa fiscalización, formulará a proposta de concesión definitiva, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía; así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Base 10. Resolución de concesión das axudas

Unha vez formulada a proposta de concesión definitiva, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo resolverá o procedemento a través de resolución motivada, na que quedarán acreditados no procedemento os seus fundamentos, e na que se expresará a relación de solicitantes ás que se conceden as subvencións e na que constará, de maneira expresa, a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A resolución de concesión das subvencións será notificada ás interesadas por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido nos apartados 1.b) e 3 do artigo 45 da LPACAP.

Notificada a concesión definitiva, as interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producira manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Dita resolución poñerá fin á vía administrativa, polo que contra a mesma caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén procederá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

O prazo máximo para resolver e notificar a concesión ás interesadas será de seis meses, contados a partir da data da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, as interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da LPACAP.

Base 11.- Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, fora dos casos permitidos nestas Bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 17.4 da LSG.

Base 12.- Período subvencionable

O período dentro do cal as femias reproductoras deberán ter pasado ao Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza bovina Rubia Galega, para ser consideradas elixibles, esténdese dende o 1 de xaneiro ao 31 de

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	8/22



decembro, ambos do ano de 2023; debendo manter ás ditas femias na explotación, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2025, o que deberá acreditarse atendendo ao disposto na Base seguinte.

Base 13.- Xustificación das subvencións

En aplicación do disposto nos artigos 30.7 da LXS, 28.9 da LSG e 30.4 da OXS, as subvencións que se concedan en atención á concorrència dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

Polo tanto, a xustificación das subvencións só requirirá a acreditación da situación subvencionada a través dos documentos aos que se refire a Base 7.

Con todo, ao abeiro da facultade de control que o artigo 30 da LSG outorga a esta entidade para verificar o cumprimento da finalidade que determinou a concesión das subvencións, e sendo que, tal e como se establece nas Bases 4 e 12, as beneficiarias das subvencións adquiren o compromiso de manter na propia explotación a/s femia/s reprodutora/s elixibles, polo menos, ata o 31 de decembro de 2025, deberán acreditar o cumprimento deste compromiso.

A dita acreditación realizarase, como máximo, o 31 de marzo de 2026, presentando a beneficiaria a declaración censual anual ou a folla de saneamento gandeiro (carta verde), expedidas con data posterior ao 31 de decembro de 2025, polo órgano competente da Xunta de Galicia, do xeito que se describe nesta mesma Base.

Logo de transcorrer o prazo establecido no parágrafo anterior sen que se acreditara o cumprimento do devandito compromiso ante esta Deputación Provincial, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requirirase á beneficiaria da subvención para que, no prazo improrrogable de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, sexa acreditado.

Así mesmo, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas acreditacións presentadas polas beneficiarias, porao no seu coñecemento, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, para a súa corrección.

A falta de presentación da devandita acreditación no citado prazo ou a acreditación insuficiente levará aparelado o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que o debedor realice o reintegro, se é anterior a esta.

Situación subvencionable

A situación subvencionable será ostentar a titularidade dunha explotación onde se críen femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega que pasaran ao Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza animal durante o ano 2023 e cumpran as condicións establecidas na Base 4.

Acreditación do cumprimento do compromiso de manter na explotación a/s femia/s reprodutora/s elixible/s

A acreditación do cumprimento do compromiso de manter na explotación a/s femia/s reprodutora/s elixible/s, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2025 realizarase a través da presentación dunha copia da declaración censual anual ou da folla de saneamento gandeiro (carta verde), expedidas a partir da dita data, e que deberá presentarse a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > trámites xerais > presentación de escritos; dirixíndoa ao centro xestor “Medio Rural”; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da LPACAP.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	9/22



No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

Nos supostos en que algunha/s da/s femia/s reproductora/s non se mantivera/n na explotación ata o 31 de decembro de 2025, por causa de forza maior, deberá xustificarse este extremo, do mesmo xeito descrito nos parágrafos anteriores, a través de informe veterinario.

Presentadas as ditas acreditacións, o centro xestor comprobará, no prazo de seis meses, a contar dende o 31 de marzo de 2026, a corrección da documentación achegada e o cumprimento dos compromisos e da finalidade que determinaron a concesión das subvencións, nos termos establecidos na OXS, nos parágrafos anteriores, e no Acordo de concesión.

Unha vez realizada a comprobación, da que se emitirá o correspondente informe do servizo ou centro xestor, formularase polo mesmo centro, previa fiscalización da Intervención provincial, proposta de aprobación das acreditacións presentadas ou, de ser o caso, de inicio de expediente/s de reintegro.

Reducións

No caso de que o importe da subvención concedida, en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou Entes, públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo anual de mantemento de cada animal na explotación durante o ano 2023, procederase á redución da súa contía ata que non se supere este custo.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático, sen necesidade de iniciar ningún procedemento, tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento da interesada.

Base 14.- Pago da subvención

Tras a resolución de concesión, emitida pola Xunta de Goberno segundo o establecido na Base 10, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitirase un informe no que se faga constar que a documentación á que se refire a Base 7, presentada polas beneficiarias, acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 4.

O dito informe acompañarase dunha proposta de pago das subvencións e dos documentos aos que se refiren as letras a), f), h) e i) da Base 7, para que, previa fiscalización, se aprobe a dita proposta pola Presidencia.

O pago das subvencións ás beneficiarias será realizado mediante transferencia bancaria e tralo cumprimento dos trámites descritos, non procedendo o pago das subvencións mediante pagos a conta ou anticipos.

Base 15.- Plan de auditoría anual

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, poderase levar a cabo un Plan de Auditoría Anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	10/22



Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 16.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que a debedora o ingrese, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Incumprimento das obrigas imposta pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

En particular, procederá o reintegro, total ou parcial, nos supostos de incumprimento do compromiso de manter na explotación os animais elixibles, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2025, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da LSG, no artigo 37 da OXS, e na demais normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	11/22



ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita Xurisdición.

Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da LXS.

Base 17.- Réxime de recursos

O Acordo de aprobación das presentes Bases e anexos pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Támén poderá ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da citada publicación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

Base 18.- Vixencia e modificación das Bases

A vixencia destas Bases comezará no momento da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, manténdose ata a completa comprobación da corrección da documentación achegada polas beneficiarias para acreditar o cumprimento dos compromisos e da finalidade que determinaron a concesión das subvencións, que terá que rematar, como máximo, o 31 de decembro de 2026.

Estas Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que estean vixentes.

Base 19.- Protección de datos

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais obtidos como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982 260 000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982 180 004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes relativos ás solicitudes das subvencións reguladas nestas Bases.

A base de lexitimación deste tratamento é o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao seu responsable, e dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	12/22



Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que non achegalos supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

Non está prevista a comunicación de datos nin a transferencia internacional dos mesmos.


Base 20.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nestas Bases, estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo nº 9, do 11 de xaneiro de 2024 -OXS-).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, e normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As restantes normas de dereito administrativo e, para o non previsto nas mesmas, as normas de Dereito privado.

Disposición Adicional Primeira.- Declaracións responsables

As declaracións responsables previstas nestas Bases producirán os efectos previstos no artigo 69 da LPACAP.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCGEE		Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCGEE		Página	13/22	

ANEXO I, MODELO DE SOLICITUDE

SUBVENCÍONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACÍONS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2024
--

DATOS DA PERSOA/ENTIDADE SOLICITANTE		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo/Enderezo social:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s: /	E-mail:	

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s: /	E-mail:	

A persoa que subscribe, en cumprimento do establecido nas Bases establecidas pola Deputación Provincial de Lugo para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024,

EXPOÑO:

1. Que xunto con esta solicitude achego a seguinte documentación (marcar cun X cando proceda):

- ☐ Certificación acreditativa do Acordo da entidade á que represento para a solicitude da subvención e acreditación da miña representación (no caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica) (Anexo II).
- ☐ Copia do DNI da persoa solicitante.
- ☐ Copia do NIF da entidade solicitante (no caso de tratarse dunha persoa xurídica).
- ☐ Declaración censual anual a 1 de xaneiro de 2024.
- ☐ Copia da folla de saneamento gandeiro (carta verde) a 1 de xaneiro de 2024.
- ☐ Certificación da Oficina Agraria Virtual, relativa ao censo existente, selada pola OAC.
- ☐ Certificación, expedida polo secretario da Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), de que o animal ou animais para o/s que se solicita a axuda foi/foron dado/s de alta no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega durante o ano 2023 e que, así mesmo, cumpre/n os requisitos establecidos na Base 4 (Anexo III).
- ☐ Documento de identificación bovina da cría cuxo parto orixinou o paso da femia elixible do Rexistro de Nacementos ao Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega durante o ano 2023.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	14/22





☐ Declaración conxunta (Anexo IV).

☐ Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da subvención.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán ter unha conta bancaria mancomunada, na que consten, como mínimo, tres partícipes da agrupación.

2. Que a relación de animais para os que se solicita a axuda é a seguinte:

IDENTIFICACIÓN (nº crotal)	DATA DE NACEMENTO	DATA DE ALTA NO REXISTRO DEFINITIVO

3. Que me comprometo a manter na explotación á/s femia/s reprodutora/s relacionadas na táboa anterior, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2025.

4. Que son coñecedor de que a subvención solicitada ten a consideración de axuda de *mínimis* das previstas no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* no sector agrícola; e comprométome a cumprir as normas nel establecidas, especialmente a obriga de que as subvencións deste carácter recibidas durante o ano en curso e os dous anteriores non superen os 20.000 €.

Polo que, tendo en conta o número de animais incluídos na relación do punto 2 e en aplicación do establecido na Base 5 das reguladoras das subvencións, **SOLICITO** á Deputación de Lugo unha subvención por importe de €, por atoparme na situación á que se refire a Base 13.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	15/22



ANEXO I, MODELO DE SOLICITUDE (continuación)

PROTECCIÓN DE DATOS

- ☐ **AUTORIZO E CONSINTO** que a Deputación de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.
- ☐ **NON AUTORIZO NIN CONSINTO** que a Deputación de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	Deputación de Lugo
Servizo/Sección responsable	Medio Rural e do Mar, e Mocidade
Finalidade	Xestión das subvencións baixo a responsabilidade da Deputación de Lugo
Interesados	Persoas físicas ou xurídicas
Categoría de datos	Nome, apelidos, NIF, dirección postal, correo electrónico, sinatura, certificado de conta bancaria
Lexitimación	RGPD: Artigo 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento RGPD: Artigo 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
Destinatarios	Outras Administracións Os requiridos pola lei e a normativa de aplicación para a correcta tramitación do expediente
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade de datos
Procedencia	A través do interesado, por parte do persoal de xestión ou mediante o acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios <i>web</i> recollidos no portal de Deputación de Lugo

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace *web* seguinte:
http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_subvencions

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A solicitante/representante,

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
 - ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE -

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	16/22



ANEXO II, CERTIFICACIÓN DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE

D./D.ª , con NIF: , como secretario da entidade
, con NIF: , aos efectos de solicitude de
subvención, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de
reproductoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da
provincia de Lugo, anualidade 2024,

CERTIFICO:

☐ Que D./D.ª , con NIF: , ten capacidade de obrar, como representante legal da entidade, para a
tramitación da citada subvención.

☐ Que na reunión da Xunta Directiva da mencionada entidade, celebrada o de de ,
adoptouse o acordo de solicitar a subvención mencionada no encabezamento e de nomear como
representante autorizado a D./D.ª , con NIF: , para a xestión das actuacións derivadas da
tramitación da antedita subvención (No caso de non ser xa o representante legal).

☐ Que na devandita reunión acordouse, así mesmo, aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que
nela se inclúen.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación

En , na data da sinatura electrónica

O/A secretario/a

Vº e praxe
O/A presidente/a

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE -

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE		Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE		Página	17/22	

ANEXO III, CERTIFICACIÓN DO/A SECRETARIO/A DE ACRUGA

D./D.ª _____, con NIF: _____, como secretario/a da Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega, con NIF: _____, aos efectos de solicitude de subvención, en réxime abreviado de concorrência competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024,

CERTIFICO:

Que o animal ou animais que se relacionan a continuación, de titularidade de D./D.ª/da entidade _____, con NIF: _____, foron dados de alta no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega na/s data/s expresada/s na táboa seguinte, e que, así mesmo, cumpre/n os requisitos establecidos na Base 4 das reguladoras das subvencións.

IDENTIFICACIÓN (nº crotal)	DATA DE NACEMENTO	DATA DE ALTA NO REXISTRO DEFINITIVO

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación

En _____, na data da sinatura electrónica

O/A secretario/a

Vº e prace
O/A presidente/a

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE -

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYC Gee		Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYC Gee		Página	18/22	

ANEXO IV, DECLARACIÓN CONXUNTA

D./D.ª _____, con NIF: _____, na miña condición de representante da entidade _____, con NIF: _____,

D./D.ª _____, con NIF: _____, como solicitante,

Aos efectos de solicitude de subvención, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2024, declaro baixo a miña responsabilidade:

A.- DECLARACIÓN DE ESTAR EN SITUACIÓN DE OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

- ☐ Que non me atopa/a entidade á que represento non se atopa² en ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que dan lugar á prohibición de obter a condición de beneficiaria de subvencións.
- ☐ Que non teño/a entidade á que represento non ten² pendente de xustificación subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.

B.- DECLARACIÓN RELATIVA A OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS OU ENTIDADES, PÚBLICAS OU PRIVADAS, PARA A MESMA ACTIVIDADE DURANTE O ANO 2023

- ☐ Que non solicitei/a entidade á que represento non solicitou² nin me concederon/lle concederon² ningunha outra axuda ou subvención doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade para a que solicito/a entidade á que represento solicita esta subvención á Deputación de Lugo.
- ☐ Que na seguinte táboa sinalo a/s outra/s axuda/s solicitada/s e/ou concedida/as por outras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade para a que solicito/a entidade á que represento solicita² esta subvención á Deputación de Lugo:

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	CANTIDADE SOLICITADA	RESOLUCIÓN		
	€	☐ PENDENTE	☐ DENEGADA	☐ CONCEDIDA POR €
	€	☐ PENDENTE	☐ DENEGADA	☐ CONCEDIDA POR €
	€	☐ PENDENTE	☐ DENEGADA	☐ CONCEDIDA POR €
TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS				€

No suposto de que o importe total destas axudas ou subvencións foran outorgadas á explotación sen ter por obxecto animais concretos, este ratearase entre o total de animais existentes na explotación, a efectos de comprobar o cumprimento do requisito establecido no último parágrafo da Base 5.

Pola contra, se o importe total ou parcial das ditas axudas foran outorgadas á explotación, tendo por obxecto animais concretos, deberán indicarse os correspondentes datos na seguinte táboa, aos mesmos efectos previstos no parágrafo anterior:

IDENTIFICACIÓN DO ANIMAL OBXECTO DA SUBVENCIÓN (nº de crotal)	IMPORTE TOTAL DA/S SUBVENCIÓN/S

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	19/22	

☐ Que na seguinte táboa sinalo outros patrocinios, sen achegas económicas, doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, obtidos para a mesma actividade para a que solicito/a entidade á que represento solicita² esta subvención á Deputación de Lugo:

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

C. DECLARACIÓN RELATIVA Á OBTENCIÓN DE OUTRAS AXUDAS DE MÍNIMIS

- ☐ Que non solicitei/a entidade á que represento non solicitou² nin me concederon/Ile concederon² ningunha axuda de mínimos nos dous exercicios fiscais anteriores e no presente, doutras entidades públicas.
- ☐ Que si recibín/a entidade á que represento² recibín/iu axudas de mínimos nos dous exercicios fiscais anteriores ou no presente, por importe total de €², coa seguinte desagregación:

CONVOCATORIA	ORGANISMO OU ENTIDADE	IMPORTE CONCEDIDO	EXERCICIO FISCAL

No suposto de que o importe total destas axudas foran outorgadas á explotación sen ter por obxecto animais concretos, este ratearase entre o total de animais existentes na explotación, a efectos de comprobar o cumprimento do requisito establecido no último parágrafo da Base 5.

Pola contra, se o importe total ou parcial das ditas axudas foran outorgadas á explotación, tendo por obxecto animais concretos, deberán indicarse os correspondentes datos na seguinte táboa, aos mesmos efectos previstos no parágrafo anterior:

IDENTIFICACIÓN DO ANIMAL OBXECTO DA SUBVENCIÓN (nº de crotal)	IMPORTE TOTAL DA/S SUBVENCIÓN/S

D.- DECLARACIÓN RELATIVA A OBRIGAS E TRIBUTOS

☐ Que non son debedor(a)/a entidade á que represento² non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública. E que me comprometo/comprométese a manter o cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYCCEE	Página	20/22



☐ Que me atopo/a entidade á que represento² atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes. E que me comprometo/comprométese a manter o cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

E. DECLARACIÓN RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DIFUSIÓN

☐ Que son coñecedor das obrigas que, como beneficiaria da subvención, me corresponden en materia de publicidade, comprometéndome a tomar as medidas de difusión axeitadas para a adecuada publicidade do carácter público da financiación da situación obxecto de subvención.

Esta declaración responsable producirá os efectos previstos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino esta declaración

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A solicitante/representante da entidade,

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

¹ No caso de que non se trate dun particular

² Segundo o solicitante sexa unha persoa física ou unha entidade

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE -

	IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYC GEE		Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5YBPYJTMIZUWAJYC GEE		Página	21/22	

Lugo, 26 de agosto de 2024.- O presidente, P.D. Decreto do 06/07/2023, o deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, Daniel García Fernández

	IV7U4LI5BPYJTMIZUWAJYC GEE		Fecha y Hora	26/08/2024 09:48:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	DANIEL GARCÍA FERNÁNDEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U4LI5BPYJTMIZUWAJYC GEE		Página	22/22	